

UN ACHADO

Toda unha descuberta este *O pouso do fume* de Dores Tembrás, que para min é unha das entregas máis orixinais deste ano que conclúe. As razóns son varias e unha delas é o ser primeiro libro dunha autora que sorprende pola modulación tan reflexiva que atesoura e por translucir unha estética na que sobresaen tanto a sobriedade expresiva como a elegancia e contención emotiva. Tembrás ofrécenos, así pois, un paseo pola memoria, particular e colectiva, de todo aquilo que queda, do que nos queda; dese pouso que é presenza e mais sentir onde as palabras e a escrita revelan as dimensións da infancia, e das infancias, convertidas en espazos que van máis alá do físico e paisaxístico adquirindo así unha categoría epifánica.



Tembrás estréase no xénero

«O pouso do fume»

Dores Tembrás. Espiral Maior, 80 páxinas. 15 euros. ***